

Santiago, 10 de xaneiro de 2014

Nota aos medios de comunicación

VULNERACIÓN DA ACONFESIONALIDADE DO ESTADO: SIMBOLOXÍA RELIXIOSA E PROSELITISMO NA XUNTA

Europa Laica-Galicia manifesta o seu absoluto rexeitamento á utilización de dependencias públicas para a realización dunha exposición haxiográfica sobre a relixiosa católica Teresa de Calcuta.

A instalación no edificio da delegación da Xunta de Galicia en Vigo da exposición “Vida y espiritualidad de Madre Teresa de Calcuta” supón un novo ataque á aconfesionalidade do Estado que asenta o artigo 16 da Constitución, unha violación do carácter neutral en materia de crenzas que deben ter as dependencias administrativas, e unha falla de respecto á liberdade de conciencia dos servidores públicos que vense obrigados a traballar nun entorno confesional e claramente proselitista.

Europa Laica-Galicia considera dunha gravidade extrema esta nova mostra da confusión entre crenzas relixiosas e Estado que aqueixa a un goberno autonómico máis preocupado de actuar coma axente dunha determinada confesión relixiosa que de cumprir coas súas obrigas coa cidadanía.

Europa Laica-Galicia entende, ademais, que os administrados non teñen que padecer ou tolerar que os edificios oficiais sexan empregados para actividades de adoutramento relixioso ou que as autoridades públicas dediquen o seu tempo e os recursos colectivos en dar sostén a actuacións de contido relixioso, alleas á actividade administrativa ou o servizo público.